

# FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

**Respectar o medio ambiente dos canóns é  
respectar a vida, por iso, non esquezas:**

## **Coidar**

**Non deixando nada atrás,  
agás as tuas pegadas**

## **Preservar**

**Empregando técnicas  
respectuosas co medio**

## **Conservar**

**Non estragando o medio natural:  
os canóns e zonas kársticas axudan  
ao desenvolvemento local**

## **Protexer**

**Mantente dentro dos sendeiros  
marcados e minimiza o risco  
de accidentes**

## **Desfrutar**

**Apreciando a beleza natural  
e os seus valores xeolóxicos**

# XXXIII Campamento de Canóns

**1 e 2 de xuño 2024**

**Montañas do Courel**

**Organizadores:**



**Patrocinadores:**



 XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

 unesco  
Global Geopark

 Montañas do  
Courel

 CONCELLO  
FOLGOSO  
DO  
COUREL



# XXXIII CAMPAMENTO DE CANÓNS

## PRESENTACIÓN E REGULAMENTO

Achégate ao XXIII Campamento de Canóns da Federación Galega de Espeleoloxía!

Agárdante máis de 15 cavorcos perfectamente equipados para desfrutar de fervezas de ata 40 m de alto. A oferta de actividade inclúe dende curtos descensos de 1 a 2 h de duración, moi recomendables para iniciarse, ata descensos para as persoas máis experimentadas, con 22 fervezas e unhas 6 h de duración. Recibirás toda a información precisa para o descenso, así coma un servizo gratuíto de taxi para as aproximacións.


A gran cantidade de fervezas así coma os canóns das Montañas do Courel constinúen un dos valores naturais máis relevantes que contribuíron a súa declaración como Xeoparque Mundial pola UNESCO en 2019. Durante miles de anos, os cavorcos foron escavados pola forza de pequenos regos (localmente chamados carrozos) sobre lousas, cuarcitas e mármores dos períodos xeolóxicos Ordovícico, Silúrico e Devónico. E sobre estas rochas, e as beiras dos regos, medran abraiantes bosques autóctonos con rebolos, bidueiros, salgueiros e ata castaños, fogar dunha fauna moi especial. Xabarís, corzos e osos pardos, ou mesmo as bolboretas, son as especies de animais máis recoñecidas. Todo isto ó redor dun gran patrimonio etnográfico, con centos de albares (alvarizas) produtoras de mel local e aldeas tradicionais magnificamente construídas en pedra ata os seus tellados.

Para desfrutar deste gran tesouro natural asentaremonos en Folgoso do Courel, coa sede do campamento na casa do concello, e a durmida por conta dos participantes nos aloxamentos locais ou áreas recreativas da contorna, coma a area de autocaravanas situada preto de Santa Eufemia. A oferta de actividade complementase con talleres formativos, actividades alternativas (abertas a acompañantes) e unha cea para desfrutar en familia dos sabores locais.

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da licenza do ano en curso, expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta (as das federacións integradas na CEC/FEE). Os/as menores de idade precisan de autorización das nais/pais ou titor legal, que custodiará o clube, e acudir tutelados por un adulto.

Na inscrición, os/as interesados/as facilitarán os seus datos: nome, apelidos, data de nacemento, DNI/NIE, clube ao que pertencen ou si son deportistas individuais, tipo de licenza, teléfono de contacto e correo electrónico.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista neste regulamento será resolta pola organización, a cal poderá cambiar os horarios e as actividades en función do desenrolo do campamento.



# XXXIII CAMPAMENTO DE CANÓNS

## PROGRAMA DAS ACTIVIDADES

**Datas e lugar de realización:** 1 e 2 de xuño do 2024 en Folgoso do Courel (Lugo)

**Casa do Concello de Folgoso do Courel**

**Plaza Manuel Fraga Iribarne, s/n, 27325 Folgoso do Courel, Lugo**

Os deportistas terán á súa disposición un dossier con toda a información sobre os canóns a visitar e, adicionalmente, información sobre outras actividades para acompañantes e deportistas que non fagan actividade.

Cada día, os deportistas comunicarán á organización a actividade que van a realizar e ao remate da xornada, a finalización da mesma.

### **Sábado 1 de xuño:**

09:00 h.- Recepción de participantes e entrega de documentación na Casa do Concello de Folgoso do Courel. Inauguración oficial do XXXIII Campamento Galego de Canóns e Descenso de Barrancos.

10:00 h.- Planificación da actividade e saída aos canóns.

18:00 - 19:00 h.- Talleres formativos impartidos por Inma Pumariño: Medios de fortuna, e vendaxes funcionais.

21:30 h.- Cea de confraternidade.

### **Domingo 2 de xuño:**

09:30 h.- Planificación da actividade e saída aos canóns.

18:00 h.- Clausura oficial do XXXIII Campamento Galego de Canóns e Descenso de Barrancos da FGE.

## MATERIAL NECESARIO

**Material para facer actividade:** os deportistas deberán desprazarse co seu equipo individual para o descenso de canóns, así como co material colectivo necesario.

**Manutención:** a cargo dos asistentes.

**Permisos (Red Natura):** a cargo da organización.

**Pernocta:** habilitarase a área de autocaravanas do Concello de Folgoso do Courel para o seu uso polos asistentes. Se alguén precisa información sobre outros aloxamentos, pode consultar á organización.

## INSCRICIÓN

**Data límite de inscrición no Campamento:** 17 de maio de 2024.

Cuota de inscrición: 20 €.

O abono da cuota realizarase ao inscribirse.

A cuota inclúe cea de confraternidade do sábado, agasallos e participación no sorteo.

Límite de prazas: 50.

Na inscrición o interesado facilitará os seus datos: nome, apelidos, data nacemento, DNI/NIF, clube, federación, teléfono e correo electrónico.

As inscricións faranse a través da web do Club de montañeiros celtas.  
**[Celtas.gal](http://Celtas.gal)**

Para calquera dúbida, ou consulta, a través do seguinte correo electrónico:  
**[espeleo@celtas.gal](mailto:espeleo@celtas.gal)**

# XXXIII CAMPAMENTO DE CANÓNS

## LOCALIZACIÓN

### Recepción:

Casa do Concello de Folgoso do Courel

Plaza Manuel Fraga Iribarne, s/n, 27325 Folgoso do Courel, Lugo

42.587776223262686, -7.192425650276359

### Pernocta:

Área de autocaravanas

Santa Eufemia, Folgoso do Courel

42.57189367020259, -7.1925303428816685

***Non esquezas:***

***Realizar un traballo en equipo, fundamental na  
actividade de canóns.***

## ALTERNATIVAS DE PERNOCTA

A continuación móstranse algunhas posibles alternativas de pernocta, a cuenta dos deportistas:

Albergue Folgoso do Courel

+ 34 639534957

Albergue Quiroga

+34 662103650

Camping Courel Seoane

+34678647973

